

**MOBILIDADE TRANSNACIONAL XUVENIL**  
**GALEUROPA 2017. PROCEDIMENTO BS324B**  
**Listados definitivos**  
 (Resolución da DXXPV do 1 de agosto de 2017)

**RELACIÓN DE ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO BENEFICIARIAS**

Nº orde	Nº EXP	RAZÓN SOCIAL	LOCALIDADE	PUNTUACIÓN TOTAL	ORZAMENTO	NÚMERO DE MOBILIDADES	PAÍSES MOBILIDADES	DURACIÓN PRÁCTICAS FORMATIVAS
1	2017/B/002	Asociación Erasmus Compostela	Santiago	72	90.862,08 €	15	Portugal (4) Italia (7) R. Unido (4)	3 meses
2	2017/B/010	Xeración Asociación cultural	Narón	72	81.038,81 €	15	Polonia (4) Portugal (4) Italia (7)	3 meses
3	2017/B/004	Fundación Paideia Galiza	A Coruña	70	47.612, 57 €	8	Alemaña (4) Italia (4)	3 meses
4	2017/B/024	Sustinea	Ourense	64	87.259,08 €	15	Malta (5) Italia (5) Portugal (5)	3 meses
5	2017/B/015	Asociación FOGART	Santiago	62	40.560,00 €	8	Italia (4) Bulgaria (4)	3 meses
6	2017/B/022	Asociación xuvenil e deportiva Joy	Ames	61	43.021,74€	8	Portugal (4) Italia (4)	3 meses
7	2017/B/005	Federación EFA Galicia	Santiago	58,4	64.942,78 €	14	Francia (4) Italia (4)	2 meses e 7 días



Nº orde	Nº EXP	RAZÓN SOCIAL	LOCALIDADE	PUNTUACIÓN TOTAL	ORZAMENTO	NÚMERO DE MOBILIDADES	PAÍSES MOBILIDADES	DURACIÓN PRÁCTICAS FORMATIVAS
							Irlanda (6)	
8	2017/B/018	Euroxuventude	A Coruña	56	94.775,54 €	15	R. Unido (7) Irlanda (4) Italia (4)	3 meses
9	2017/B/009	Asociación Universitaria Ciencias da Educación	Ourense	56	65.115,77 €	12	Portugal (8) Italia (4)	3 meses
10	2017/B/020	Asociación Sociocultural Luenda	A Baña	56	71.529,03€	14	Italia (6) Portugal (4) Bulgaria (4)	3 meses
11	2017/B/026	Asociación cultural, recreativa, deportiva e xuvenil Muxema	Negreira	56	71.487,94 €	14	Portugal (4) Italia (6) Bulgaria (4)	3 meses
12	2017/B/023	Asociación Foro, LC	Oleiros	53	85.933,32 €	15	Irlanda (8) Italia (7)	3 meses
13	2017/B/012	Amigos da Terra	Ourense	53	64.926,96 €	12	Portugal (4) Italai (4) Chipre (4)	3 meses
14	2017/B/006	ONG Mestura	Culleredo	47	36.777,76 €	8	Portugal (8)	3 meses
15	2017/B/001	Asociación Cultural INGALICIA	A Coruña	45	54.156,62 € * Reaxuste orzamentario ata esgotar o crédito dispoñible	15	Rep. Checa (4) Italia (6) Irlanda (5)	3 meses

## ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO: LISTA DE AGARDA

Nº orde	Nº EXP	RAZÓN SOCIAL	LOCALIDADE	PUNTUACIÓN TOTAL	ORZAMENTO SOLICITADO	NÚMERO DE MOBILIDADES	PAÍSES MOBILIDADES	DURACIÓN PRÁCTICAS FORMATIVAS
1	2017/B/007	Asociación cultural Integra	A Coruña	43	60.642,50 €	11	Malta (6) R. Unido (5)	3 meses
2	2017/B/019	Asociación Centro xuvenil Abertal	Vigo	43	38.136,00 €	8	Romanía (4) Grecia (4)	3 meses
3	2017/B/021	Asociación cultural-deportiva xuvenil de Ser	Santa Comba	42	70.307,10 €	15	Italia (7) Romanía (4) Portugal (4)	2 meses e 15 días
4	2017/B/011	Fundación de Estudos e Análises	Santiago	37	88.235,95 €	15	Italia (7) Irlanda (8)	3 meses
5	2017/B/016	Ticket2Europe	Vilaboa	36	27.672,50 €	5	Polonia (5)	3 meses
6	2017/B/013	Confederación empresarial de Ourense	Ourense	34	28.353,11 €	6	Portugal (6)	3 meses
7	2017/B/008	Universidad UK	A Coruña	28	33.027,70 €	7	R. Unido (7)	2 meses
8	2017/B/014	Escola de tempo libre e animación sociocultural Don Bosco	Santiago	16	14.528,70 €	4	Hungría (4)	2 meses
9	2017/B/017	Asociación xuvenil Amencer	Ourense	6	16.092,41 €	4	Alemaña (4)	2 meses

## ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO EXCLUÍDAS

Nº EXP	RAZÓN SOCIAL	CAUSA EXCLUSIÓN
2017/B/003	Grupo Compostela Universidades	Anexo -A. Base 2ª. Punto 2, letra h). Certificación incompleta
2017/B/025	Asociación periodística de estudos y comunicación	Anexo -A. Base 2ª. Punto 2, letra h). Certificación incompleta

## DOCUMENTACIÓN QUE SE DEBE PRESENTAR PARA QUE A RESOLUCIÓN SEXA EFECTIVA (artigo 20 da Orde do 2 de maio de 2017)

- ACEPTACIÓN DA AXUDA (Anexo III)

- CUESTIONARIO DE INDICADORES DE EXECUCIÓN.

**Prazo:10 días hábiles**, contados dende o seguinte a publicación.

No caso de querer solicitar o anticipo marcar o cadro que corresponda neste anexo

- ACORDOS COA ENTIDADE DE ACOLLIDA, nos casos en que proceda (Anexo IV)

**Prazo:20 días hábiles**, contados dende o seguinte a publicación.

**Lugar de presentación:** na sede electrónica da Xunta, Procedemento BS324B: [https://sede.xunta.es/detalle-procedemento?](https://sede.xunta.es/detalle-procedemento?codCons=BS&codProc=324B&procedemento=BS324B)

[codCons=BS&codProc=324B&procedemento=BS324B](https://sede.xunta.es/detalle-procedemento?codCons=BS&codProc=324B&procedemento=BS324B) **Modelos normalizados para presentar documentación:** <https://sede.xunta.es/modelos-normalizados> Utilizar o modelo *Achega de documentación separada da solicitude*,

**Segundo o establecido da Orde do 2 de maio de 2017 e a Resolución do 14 de xullo de 2017 da directora xeral de Xuventude, participación e voluntariado, faise saber ás entidades beneficiarias:**

**1/ A finalidade da axuda** é reforzar a empregabilidade e as competencias profesionais dos/as mozos/as menores de 30 anos non ocupados/as e non integrados/as nos sistemas de educación ou formación, contribuíndo á mellora da súa formación e á adquisición da experiencia profesional necesaria para a incorporación ao mercado de traballo dunha maneira duradeira no tempo. Ademais, a mobilidade transnacional apoia á adquisición de competencias en idiomas estranxeiros.

**2/ Que estas axudas están cofinanciadas** pola Iniciativa de emprego xuvenil e polo Fondo Social Europeo nunha porcentaxe do 91,89%, dentro do Programa operativo de emprego xuvenil, no eixe prioritario 5, prioridade de investimento 8.2, obxectivo específico 8.2.2, medida 8.2.2.8: Programa de axudas para proxectos de mobilidade transnacional dirixido á mocidade para a realización de prácticas formativas en empresas/entidades públicas ou privadas de países europeos.

### 3/ Que as obrigas das entidades beneficiarias son as seguintes:

#### Artigo 24. Obrigas dos/as beneficiarios/as

1. *As persoas/entidades beneficiarias das subvencións previstas nesta orde, ademais de cumprir as obrigas establecidas pola normativa aplicable con carácter xeral a axudas e subvencións públicas, deberán:*

*Realizar as mobilidades para as cales se concede a subvención, de conformidade coas disposicións previstas nesta orde e nas resolucións, instrucións ou circulares que a desenvolvan.*

*Acreditar ante a Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado a realización das actividades e o cumprimento dos requisitos esixidos para a concesión da axuda ou subvención, achegando a documentación que lles sexa requirida co fin de comprobar o cumprimento das obrigas que derivan da dita concesión.*

*Someterse ás actuacións de comprobación efectuadas pola Consellería de Política Social e ás da Inspección de Traballo e Seguridade Social, ás de control financeiro que corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ás previstas na lexislación do Consello de Contas, así como o Tribunal de contas as relativas ás verificacións que poidan realizar os organismos implicados na xestión e seguimento do FSE e da IEX que poidan comprenderán as oportunas visitas sobre o terreo e ás que poidan corresponder, no suposto de cofinanciamento á Comisión e ao Tribunal de Contas das Comunidades Europeas.*

*Comunicarlle á Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como dos compromisos e obrigas asumidos polos/as beneficiarios/as e, de ser o caso, a obtención concorrente de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, procedentes de calquera outra Administración ou ente público estatal ou internacional. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.*

*Cumprir cantas obrigas deriven da normativa de aplicación do cofinanciamento polo FSE e a Iniciativa europea de garantía xuvenil, de conformidade co establecido no artigo seguinte.*

*Así mesmo deberán subministrar á Administración concedente a información necesaria ao abeiro do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 8 de xaneiro.*

2. *As obrigas específicas segundo o tipo de beneficiarios/as e para cada un dos tres procedementos, establécense no Anexo-A.*

*Artigo 25. Obrigas das entidades beneficiarias relativas ao cofinanciamento pola Iniciativa de Emprego Xuvenil e o Fondo Social Europeo.*

*Co fin de efectuar un seguimento adecuado da execución dos proxectos cofinanciados polo FSE ao abeiro do POEX para o período 2014-2020, mediante as subvencións reguladas nesta orde a entidade beneficiaria deberá someterse, segundo a normativa europea que resulte de aplicación, ao cumprimento das seguintes obrigas:*

*a) Respetar as normas de subvencionabilidade do gasto financiado polo FSE, reguladas mediante os artigos 69 e 125 do Regulamento (UE) 1303/2013, do 17 decembro de 2013, o artigo 13 do Regulamento (UE) 1304/2013, do 17 de decembro de 2013, así como as que se diten no seu desenvolvemento para o período 2014-2020 e a Orde ESS/1924/2016 de 13 de decembro, pola que se determinan os gastos subvencionables polo FSE durante o período de programación 2014-2020*

*b) Cumprir coas medidas de información, publicidade e comunicación establecidas no anexo XII do Regulamento (UE) nº 1303/2013. En concreto:*

*1º. Aos efectos de difusión pública, deberán identificar convenientemente as actividades, e servizos que desenvolva o proxecto subvencionado, especialmente a través de publicidade estática realizada por medio de carteis (tamaño mínimo A3) ou paneis que, colocados en lugar visible, informarán do Programa de mobilidade transnacional xuvenil Galeuropa pola Unión Europea, a través do FSE, POEX e do portal web do SNGX.*

*2º. Así mesmo, informarase ás persoas destinatarias das mobilidades de que o Programa Galeuropa está cofinanciado pola Xunta de Galicia (Consellería de Política Social), pola IEX e o FSE, así como da finalidade da subvención, figurando todos os emblemas nas comunicacións. Tamén deberán facer unha breve descrición da operación na súa páxina web destacando o apoio financeiro da Unión Europea.*

*c) Relacionadas cos sistemas de xestión e control e sen prexuízo da obriga de xustificación das subvencións percibidas nos termos establecidos na Lei 38/2003, do 17 de novembro, e na presente norma, deberán:*

*1º. Manter un sistema de contabilidade separada ou unha codificación contable adecuada de todas as transaccións realizadas con cargo aos proxectos subvencionados polo FSE e a IEX.*

*2º. Manter unha pista de auditoría suficiente e conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, durante os tres anos seguintes á certificación dos gastos á Comisión Europea, de acordo co establecido no artigo 140.1 do Regulamento 1303/2013. A data de certificación dos gastos á Comisión Europea será oportunamente publicada no Diario Oficial de Galicia.*



*3º. Realizar as actuacións precisas para recoller información suficiente relativa ao desenvolvemento das actuacións que permita dar cumprimento aos requisitos de información a través de indicadores de produtividade e resultados enumerados no artigo 5 do Regulamento (UE) nº 1304/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, relativo ao FSE. Os indicadores de produtividade recolleranse o 1º día de actuación e os de resultado inmediato no prazo máximo de 4 semanas desde o remate do período de realización do proxecto.*

## 6. Obrigas

*1. Buscar unha ou varias entidades socias de acollida que participarán como socias das entidades beneficiarias para xestionar as mobilidades no país de destino que lles corresponda, comprometéndose a atopar empresas ou entidades públicas ou privadas suficientes e adecuadas ás necesidades dos/as participantes.*

*2. Dispoñer dos seguros médicos e de responsabilidade civil necesarios para dar cobertura ás persoas participantes nas mobilidades durante o período de duración das mesmas ou desde o día da viaxe de ida ata o día de volta incluídos.*

*3. Difundir a convocatoria de mobilidade transnacional xuvenil publicamente e coa adecuada antelación a través da internet (páxinas web e/ou redes sociais), ou outros medios de difusión complementarios, de xeito que poidan ser coñecidas por todas as persoas potencialmente beneficiarias destas.*

*4. Manter o contacto coa Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado mediante correo electrónico, durante todo o período de execución do proxecto de mobilidade subvencionado, en todas as súas fases, e ata un ano despois da súa finalización para os efectos do previsto no capítulo V do título I.*

*5. Asistir ás reunións informativas e xornadas formativas ás que sexan convocadas, tanto durante o período de execución do proxecto subvencionado, e ata un ano despois da súa finalización.*

*6. Devolver cubertos os cuestionarios que lles sexan solicitados relativos aos indicadores de produtividade e de resultados, coa totalidade dos datos que lles sexan solicitados de entre os establecidos no anexo IX, segundo a forma e prazos que establecen os artigos 20.1 e 29 b e mais no apartado seguinte. Os de execución recolleranse o primeiro día da actuación e os de resultado inmediato no prazo máximo de 4 semanas desde o remate do período de realización do proxecto.*

*7. Remitirle á Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, a través do enderezo electrónico [galeuropapr-garantiajuvenil@xunta.gal](mailto:galeuropapr-garantiajuvenil@xunta.gal)*

*No momento da adxudicación das axudas ás persoas participantes, deberán enviar:*

- *Os permisos paternos/maternos necesarios para realizar a mobilidade no caso de participantes menores de idade.*
- *A relación das persoas seleccionadas para realizar as mobilidades, co fin de que a Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado verifique que efectivamente están inscritos no SNGX e que cumpren os requisitos esixidos.*
- *O cuestionario de indicadores de produtividade de cada participante. Advertirase as entidades da necesidade de enviar a integridade dos datos solicitados e da consecuencia de non facelo, que será o reintegro do 2% da axuda.*

*Ata 3 días antes de iniciar as prácticas formativas non remuneradas enviarán:*

- *Unha relación das persoas participantes nas actividades de mobilidade para as cales se pide a axuda, indicando a data de inicio e remate das mobilidades e do período de prácticas.*
- *Unha copia da póliza de seguros de accidentes e responsabilidade civil que dea cobertura a mocidade que realizará as mobilidades así como a copia do seguros médicos que subscriba ou no seu defecto certificación de que todas as persoas participantes posúen a tarxeta sanitaria europea.*
- *Unha certificación da persoa representante da entidade na que conste o nome da persoa ou persoas contratadas, a súa titulación e experiencia e o número de horas ou a xornada adicada ao proxecto, no caso de que se adquirise o compromiso de contratar persoal para a realización das mobilidades.*

*Máximo 3 días despois de iniciar as prácticas, comunicarán:*

- *A empresas/entidades onde realizarán as prácticas cada un dos/as participantes, con indicación da persoa que se os/as titorizará na empresa.*
- *O calendario de realización das prácticas de cada participante, no que se indique claramente a data de comezo e fin, os días laborables da semana e o horario.*

*De ser o caso, nos 3 días seguintes a que se produza o feito e motivando as causas*

- *A comunicación da interrupción ou abandono das prácticas*



*- A comunicación do cambio de empresa/entidade de prácticas.*

*8. Satisfacer, ao seu vencemento, as obrigas económicas que deriven do funcionamento do proxecto subvencionado, especialmente as de carácter salarial, se as houber con independencia de que se percibise con anterioridade a subvención concedida.*

*9. Comunicarlle á Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado as modificacións substanciais do proxecto obxecto de subvención, así como dos compromisos e obrigas asumidos, no momento en que se produzan. As ditas modificacións responderán a causas excepcionais debidamente xustificadas. Non se admitirán modificacións dos países de acollida das prácticas cando supoñan un aumento das contías das axudas concedidas.*

*10. Obriga de planificar, organizar e xestionar as mobilidades, no que se refire á viaxe ao país de destino o transporte local, o aloxamento e a manutención das persoas participantes durante as prácticas formativas.*

*11. Ter a capacidade administrativa, financeira e operativa para cumprir as condicións da axuda.*

*i) Realización como mínimo dunha xornada de orientación co fin de facilitar a inserción laboral dos/as mozos/as participantes, antes do vencemento do prazo de xustificación.*

**4/ O incumprimento das axudas dará lugar aos reintegros** indicados no artigo 26 da Orde do 2 de maio de 2017 reguladora das bases do Programa Galeuropa 2017.